



**Traballo, igualdade
e salarios dignos
nunha Galiza con dereitos**



Confederación Intersindical Galega

Traballo, igualdade e salarios dignos nunha Galiza con dereitos

Todos os indicadores públicos sobre a realidade laboral e social reflicten un empeoramento dos empregos e perda de poder adquisitivo dos salarios. Cada día son máis os sectores da clase traballadora e do pobo galego empobrecidos, e cada vez parece non ter remate a desigualdade de xénero e a fenda salarial.

Ter traballo non permite acceder a dereitos básicos como alimentación e a vivenda, especialmente entre a xente nova e as mulleres.

Nos últimos anos as rendas do traballo perderon case 4 puntos de participación no PIB. O 1% da poboación máis rica concentra tres veces máis riqueza que o 50% máis pobre.

Esta intensa realidade da precariedade e inestabilidade laboral son resultado da aplicación polo Goberno español de receitas neoliberais en cumprimento das condicións para acceder aos fondos europeos Next Generation. Están instalados en constantes reformas que combinan a insuficiencia de medidas con outras claramente regresivas pero presentadas nun envoltorio de moita propaganda de aparente progresismo.

En todo caso, todo isto permanentemente acompañado polo diálogo social utilizado para branquear estas políticas. Diálogo social sometido aos ditados do capital, onde a patronal ten garantida a súa axenda, cun papel entregado á desmobilización por CCOO e UGT.

Na Galiza, o impacto negativo de todo isto multiplícase pola acción decidida dun Goberno do PP que aproveita estas políticas españolas que comparte para levalas máis lonxe. Con formas profundamente antidemocráticas e autoritarias impón un deseño ao servizo das grandes corporacións empresariais que veñen espoliar os nosos recursos. Un Goberno que busca reforzar a dependencia económica e política galega ao sistema centralista español.

Unha negativa de apostar por un desenvolvemento galego propio mentres cada vez somos

menos galegos e galegas, agonizan cada vez máis sectores produtivos e a desertización social e industrial é maior. Máis precariedade e pobreza laboral, máis desigualdade, máis desprotección, máis emigración e avellentamento da poboación e máis profundamento do papel de colonia de Galiza.

A poboación máis rica concéntrase nas zonas máis industrializadas e na capital do Estado, en prexuízo de territorios como Galiza.

Estamos nunha realidade no Estado español que pretende limitar, incluso impedir, que poidamos exercer con normalidade o dereito a negociar e decidir en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, coas solucións máis acaídas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Recoñecer este dereito é poder democratizar a negociación colectiva ante a permanente estatalización, centralización en convenios estatais negociados por cúpulas sindicais sen a participación das persoas traballadoras.

Está da nosa man, na nosa capacidade de organización sindical e loita poderemos negociar aquí en non en Madrid. Temos unha vía para frear a precariedade e pobreza laboral que representa a fórmula perversa de neoliberalismo-diálogo social-estatalización.

Debemos confrontar esta situación ante os gobernos e ante a patronal. A nosa vontade de mobilización é desde o convencemento de que as políticas favorábeis para a clase traballadora e para o pobo galego non son concesión bondadosa dos gobernos nin nacen do diálogo social. Os dereitos conquístanse loitando.

Desde a CIG chamamos a responder a esta realidade. Son tempos de loita.

Por todo isto, reivindicamos a través de 12 medidas, Traballo, igualdade e salarios dignos nunha Galiza con dereitos.

Traballo

1 Derrogación da reforma laboral do 2012 e un cambio radical na reforma do 2021 para camiñar en políticas de creación de emprego digno, estábel e con dereitos. Especialmente no que afecta ao recoñecimento de condicións dignas ás persoas traballadoras a tempo parcial, fixas discontinúas, dos centros especiais de emprego e nas subcontratas. Todo elo, dacordo ás propostas feitas pola CIG dentro das medidas STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO.

Nos contratos formativos, a retribución polo tempo de traballo será o 100% da fixada no convenio colectivo correspondente ás funcións desempeñadas e recoñecimento a todos os efectos da existencia de relación laboral para evitar o uso abusivo e fraudulento

instaurado na última reforma da Lei Orgánica de Formación Profesional.

2 A taxa de reposición debe desaparecer por lei no conxunto das administracións públicas, permitindo que estas xestionen as ofertas de emprego público en función das súas necesidades, garantindo a execución dos procesos selectivos nun máximo de 12 meses.

3 É necesario favorecer a repartición do traballo, reducindo a xornada laboral semanal ás 35 horas semanais no camiño de ir aplicando a xornada semanal de catro días, a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos, os cambios na xestión e organización do traballo fan posíbel reducir a xornada laboral e xerar máis riqueza social.

Igualdade

4 A aprobación de decretos e leis dirixidas a reducir e eliminar a fenda salarial, non garante unha valoración xusta dos traballos feminizados, nin unhas retribucións iguais para traballos de igual valor. As auditorías retributivas e os plans de igualdade debe identificar as causas das fendas e as discriminacións laborais, así como implantar sistemas de control que garantan aplicacións reais e efectivas para reducilas e eliminalas.

5 Reforzamento por lei do papel fiscalizador da Inspección de Traballo na aplicación destas normas. Así mesmo, débese activar un especial control da Administración Pública no cumprimento normativo dos convenios colectivos co obxectivo de incorporar medidas que

camiñen na eliminación das desigualdades e discriminacións.

6 As modificacións legais dos permisos de coresponsabilidade conseguiron afianzar o uso de permisos retribuídos por parte dos homes e recoñecer o dereito das persoas proxenitoras con independencia do seu xénero, mais supuxeron unha conxelación nos dereitos das mulleres. Estas modificacións seguen sendo totalmente insuficientes xa que facer efectivo o dereito de conciliación segue pasando por facer uso de permisos non retribuídos, reducións de xornada e mesmo excedencias, e seguen sendo as mulleres as que fan uso deste tipo de permisos e sofren as consecuencias económicas e laborais.

Salarios dignos

7 Estabelecemento no ano 2025 do importe do salario mínimo interprofesional (SMI) en 1.320,04 €, en cumprimento da Carta Social Europea, fixando por lei que o salario mínimo interprofesional debe ser o 60% do salario medio do Estado español(30.801), conforme o

método de cálculo utilizado polo Comité Europeo de Dereitos Sociais e os módulos salariais que publica a Axencia Tributaria. Derrogación do Decreto Lei 3/2004 e do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), recuperando o SMI como único indicador público

de referencia do nivel de renda para determinar as contías de calquera tipo de prestación ou servizo público.

8 Garantir nos decretos nos que se aproba o SMI o carácter non compensábel nin absorbíbel de ningún dos complementos salariais. No control de legalidade que as administracións públicas exercen sobre os convenios colectivos, deberá garantirse o cumprimento desta garantía.

9 Aprobación dunha Renda de Inserción Laboral e Social, en substitución do IMV (ingreso mínimo vital) e da RAI (renda activa de inserción), na contía do SMI, para as persoas maiores de 18 anos que non cobren ningún tipo de prestación económica, acompañada do seguimento dun itinerario persoal de orientación e formación profesional até a consecución dun posto de traballo no tempo máis breve posíbel.

Galiza con dereitos

10 Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos que garanta un desenvolvemento galego propio, asegurando un financiamento público, abordando unha profunda reforma fiscal, que grave oportunamente as grandes fortunas e as grandes empresas. Neste sentido, aprobación das medidas necesarias para unha intervención pública de sectores estratéxicos da economía, (banca, eléctricas etc.) e para garantir o aproveitamento dos moitos recursos que temos dispoñíbeis no noso país (produción de enerxía, recursos minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación no sector agrario e pesqueiro etc.) deben de estar ao servizo de crear emprego digno, de completar os ciclos produtivos no propio país, aumentar o valor engadido en sectores básicos da nosa economía, diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais, garantindo no seu desenvolvemento un equilibrio territorial e ambiental, dunha rendibilidade social e non privada, evitando a destrución de emprego e

de sectores produtivos, consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo.

11 Plan Galego de protección social, atención ás persoas e vivenda digna coa creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas, recuperar e fortalecer a sanidade e o ensino público. Así mesmo, prohibir os desafuzamentos de vivenda e incrementar de forma significativa e cun calendario definido o parque público de vivendas sociais e facilitar as condicións de acceso para garantir o dereito a unha vivenda digna a todas as persoas, especialmente vulnerábeis e sen recursos.

12 Aprobación das medidas necesarias para que Galiza dispoña de plenas competencias estatutarias en todas as materias (laboral, seguridade social, servizos públicos, fiscal, financeira, industrial, agro-gandeira, pesqueira, sector público estatal, etc.) para poder decidir sobre o noso modelo económico e social, para que nos dea como pobo galego unha alternativa e viabilidade de futuro, e na que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa terra.



Confederación Intersindical Galega